

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL RELATIVA AO 2016 COMO ANO DAS IRMANDADES DA FALA

O 2016 é o ano do centenario das Irmandades da Fala. A primeira delas, a Irmandade dos Amigos da Fala, constituíuse nunha xuntanza o 18 de maio de 1916 na cidade da Coruña, no número 38 da Rúa Real.

Tras a constitución desta primeira sociedade, o movemento espallouse rapidamente por toda Galiza. No transcurso da súa acción deron conferencias e promoveron a actividade editorial nas principais cidades galegas, que se concreta en iniciativas como Cértiga en Ferrol, Lar na Coruña ou Alborada en Pontevedra. Crearon a revista A Nosa Terra, que foi o medio de comunicación desde o que deron a coñecer os seus ideais.

Intelectuais e persoas como Antón e Ramón Villar Ponte, Xohán Vicente Viqueira, Ramón Cabanillas, María Miramontes, Xaime Quintanilla, Otero Pedrayo ou Vicente Risco participaron deste movemento, cerna dun movemento social de reivindicación da lingua e da identidade nacional galega que mostrou unha nova forma de concibir o país, en tanto colocou por vez primeira Galiza como centro de decisión e como suxeito do seu devir social, cultural e político.

Neste último campo, as Irmandades defenderon unha "autonomía integral" dentro dunha federación ibérica en igualdade de relacións con Portugal, o ingreso das nacionalidades da península na Liga das Nacións, a comarcalización do país e a constitución dun Parlamento e dun Goberno propios que exerzan o poder galego.

Sendo as Irmandades da Fala unha peza fundamental na configuración do que hoxe somos como pobo e cultura, pensamos fundamental garantir o compromiso das institucións públicas coa súa celebración, difundindo na sociedade actual o coñecemento do seu legado histórico.

Consonte o acordo unánime do Parlamento de Galiza de 29 de abril de 2015, a Deputación da Coruña declara o 2016 "Ano das Irmandades da Fala".

A Deputación da Coruña, en colaboración con outras institucións e entidades, desenvolverá un programa de actividades conducentes a divulgar o coñecemento do encomiábel labor desta organización, animada polo propósito de traballar pola consecución dunha Galicia culta, libre, xusta e comprometida consigo mesma.